

DO DES-EQUILIBRIO Á DES-CARBONIZACIÓN. Un proxecto para abordar a saúde emocional en tempos de crises sanitarias e crises climáticas

Miguel Pardellas Santiago (miguelpardellas@feitoriaverde.com) e Ángela Fraga María (angelaframa@feitoriaverde.com). Feitoría Verde S.Coop. Galega

A COVID-19 obrigou, en moi pouco tempo e sen preparación, a enfrontar a unha situación chea de elementos descoñecidos para a meirande parte da cidadanía: confinamento, distanciamento físico e social, máscaras e luvas, etc.

Pasados os momentos máis duros da pandemia, a nova normalidade e a xestión do pasado, preséntase como un enorme reto, non só polas medidas para evitar novos rebrotes e confinamentos, senón polo necesario exercicio que supón saber sobrepoñernos ao acontecido, manexar o medo, e construír as novas narrativas e formas de relacionarnos. Un desafío multidimensional que se enmarca ademais nun contexto de crise ambiental, no que a emerxencia climática destaca entre as ameazas.

O proxecto “Do Des-Equilibrio á Des-Carbonización” busca abordar esta incerta realidade a través dunha iniciativa de educación emocional dirixida á mocidade e outra de educación ambiental dirixida á terceira idade. Unha mestura educacional e interxeneracional fronte a incertidume.

Varios estudos alertan xa sobre as consecuencias que tivo e aínda está a ter a pandemia sobre o conxunto da poboación e, de forma destacada, sobre a mocidade; nunha situación de extrema vulnerabilidade, carentes de referentes e con necesidades afectivo-emocionais urxentes. Neste contexto xurde o proxecto DES-EQUILIBRISTAS, deseñado pola cooperativa sen ánimo de lucro Feitoría Verde. Trátase dunha proposta didáctica que emprega a saúde como fío condutor desde unha perspectiva integral e unha metodoloxía práctica e positiva, para buscar espazos de traballo que axuden á rapazada a mellorar o seu desenvolvemento tanto físico como emocional na nova realidade que teñen que enfrontar. Conta con actividades de desafo, de conversa, de pensamento crítico, de creatividade, de reflexión... orientadas á integración de diferentes coñecementos e hábitos no seu día a día dun xeito activo e participativo.

Paralelamente, dende fai algo máis de 3 anos, o Grupo de Investigación en Pedagogía Social e Educación Ambiental (SEPA-interea), da Universidade de Santiago de Compostela, está a desenvolver o Proxecto “Descarboniza! Que non é pouco...”. Dirixido a públicos adultos—nomeadamente terceira idade—, ten como obxectivo principal a organización e acompañamento de grupos de persoas que estean dispostas a contribuír á “descarbonización” das súas comunidades. A través de varias sesións de traballo, o grupo reflexiona sobre o seu papel e decide que medidas desenvolver de forma colectiva para reducir as súas emisións e/ou concienciar a máis persoas da súa contorna.

Na intersección de ambos proxectos xurde “Do Des-Equilibrio á Des-Carbonización”. A mestura das dúas propostas metodolóxicas resulta nunha intervención na que, despois dun traballo por separado –mocidade por un lado e terceira idade por outro–, constrúese unha acción conxunta de descarbonización na contorna inmediata. Deste xeito, a abordaxe das crises sanitarias e climáticas faise simultaneamente, partindo das necesidades e intereses da mocidade e a terceira idade nunha intervención (no barrio, na aldea) que mestura a educación emocional coa educación ambiental. Que axuda a unhas a manexar a nova normalidade e a outras a poñer en valor o seu papel na sociedade, traballando conxuntamente.